


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/09/2021 13:52:01

SAIDA

14721/21



Reclamantes: [redacted] en representación [redacted]
[redacted] e [redacted] en representación [redacted]
[redacted]

Expediente. Nº **RSCTG 83/2021**

Correo electrónico: [redacted]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [redacted] en representación da [redacted] e [redacted] en representación [redacted] mediante escrito do 9 de xuño de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [redacted] en representación [redacted] e [redacted] en representación [redacted] presentaron, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 9 de xuño de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo

gobierno, contra o que considera desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Política Social, sobre a regulación das contías que a Xunta de Galiza paga ás entidades prestadoras do servizo de acollemento residencial de menores, o procedemento de determinación da tipoloxía de cada unha das prazas, a normativa ou documento público que a regulan e se os centros deben publicar anualmente canto perciben por cada praza.

Segundo. Con data do 21 de xuño de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polas entidades reclamantes á Consellería de Política Social para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro.- Con data do 12 de xullo de 2021, a Consellería de Política Social remite informe no que en resumo manifesta que con data do 10 de maio de 2021 recibíuse na caixa de correo electrónico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica unha solicitude de información de ██████████ que foi contestada pola mesma vía o 11 de maio de 2021 na que se lle indica que a información sobre a contratación pública das entidades que xestionan unha parte das prazas de acollemento residencial por parte da Entidade Pública de protección de menores da Comunidade Autónoma de Galicia, é directamente accesible na Plataforma de contratación da Xunta de Galicia, que inclúe a descarga directa e inmediata dos pregos que regulan as contratacións, e inclúen os prezos por praza e día e a forma de xestión económica do dito pagamento, así como as resolucións de adxudicación para cada licitación, que inclúe a entidade adxudicataria. En concreto, no correo de 11 de maio de 2021 achegáronse enlaces aos contratos en vigor na actualidade e copia dos pregos que, pola súa antigüidade, non son accesibles na plataforma. Especificase que a determinación das contías establecidas en cada momento toman como referencia os gastos de alimentación, vestido etc dos e das menores, así como os custes laborais fixados na normativa de referencia, en concreto nos sucesivos convenios estatais de protección e reforma.

De acordo co anterior, a Consellería considera que non existiu silencio administrativo e que se contestou a solicitude de información das entidades referidas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24

corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos

responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que o interesado como se verá no seguinte punto, non obtivo resolución expresa á súa solicitude, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

As entidades reclamantes solicitaron acceso a unha determinada información sobre regulación das contías que a Xunta de Galiza paga ás entidades prestadoras do servizo de acollemento residencial de menores, o procedemento de determinación da tipoloxía de cada unha das prazas, a normativa ou documento público que a regulan e se os centros deben publicar anualmente canto perciben por cada praza. A información referida ás contías aboadas pola Xunta de Galicia e o procedemento de determinación da tipoloxía de cada unha

das prazas de acollemento residencial, de acordo coa definición contida nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da 19/2013, debe considerarse información pública, por canto se refire a información elaborada pola Administración no exercicio das súas funcións. A pregunta se os centros deben publicar anualmente canto perciben por cada praza debe considerarse unha consulta, non incluída dentro do dereito de acceso á información.

O dereito dos cidadáns, ou neste caso dunhas entidades, de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, tendo dereito o solicitante, a recibir da Administración a orientación e asesoramento necesario para o exercicio deste dereito, tal e como establece o artigo 26 da Lei 1/2016.

De conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 19/2013, as solicitudes de acceso á información poden presentarse por calquera medio que permita ter constancia da identidade do solicitante, da información que se solicita, unha dirección de contacto e de ser o caso, a modalidade na que prefira acceder á información, polo que debe considerarse correcta a solicitude de acceso mediante correo electrónico. No presente caso, as entidades interesadas obtiveron unha resposta parcial por correo electrónico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social no que se lle remite información a contratación pública das entidades que xestionan unha parte das prazas de acollemento residencial por parte da Entidade Pública de protección de menores da Comunidade Autónoma, sen que se lle remita información algunha sobre o procedemento de determinación da tipoloxía de cada unha das prazas de acollemento residencial.

A resposta remitida por correo electrónico non é conforme co disposto no artigo 27 da Lei 1/2016, que establece que debe ditarse resolución das solicitudes, sendo competente para ditalas á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica ou da dirección xeral competente, e neste caso, non consta que se ditase tal resolución. Por outra banda, non se lle da contestación á solicitude de información sobre os criterios para determinar a tipoloxía de cada unha das prazas de acollemento residencial.

De acordo co anterior, debe ditarse resolución expresa pola Dirección Xeral competente sobre a solicitude de acceso á información presentada, dando a resposta que proceda respecto das contías aboadas pola Xunta de Galicia e o procedemento de determinación da tipoloxía de cada unha das prazas de acollemento residencial

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] e [REDACTED] en representación [REDACTED] contra a contestación á súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Política Social, centros de acollemento residencia del menores.

Segundo: Instar á Consellería de Política Social a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Consellería de Política Social, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.09.23 13:19:45 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.